

INTRODUCCIÓN.

A finalidade desta programación é a planificación da resposta axustada ao alumnado para compensar as necesidades que experimenten. De tal xeito que lles proporcionen os elementos básicos culturais, as aprendizaxes relativas á expresión oral, á lectura, á escritura, ao cálculo; así como a progresiva autonomía de acción no seu medio, contribuindo ao seu desenvolvemento integral e capacitación a través das competencias chave no respecto aos principios que rexen a atención ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE): equidade, inclusión e individualización.

O plan de traballo a seguir coordínase conxuntamente tendo en conta:

- ✓ Que o alumnado se adapte ao colexio e as tarefas escolares, acudindo con agrado ao centro.
- ✓ O respecto do ritmo individual.
- ✓ A potenciación do desenvolvemento socio-afectivo do alumnado.
- ✓ O equilibrio de calquera tipo de desigualdade de xeito que o alumnado máis sensible participe nas actividades dos seus grupos de iguais.

Todo o traballo será levado a cabo en equipo, entre os/os mestres/as-titores/as e o profesorado de apoio.

1. MESTRA ESPECIALISTA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

Durante o curso académico 2022/23 o CEIP O Piñeirño conta cunha soa especialista en Audición e Linguaxe, que permanece no centro e non fai itinerancia.

AL.1: María Elena Fernández Iglesias.

2. FUNCIONES DA MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE EN RELACIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

- ✓ Atención directa e/ou indirecta ao alumnado con NEAE.
- ✓ Elaborar e adaptar materiais ás necesidades de cada educando.
- ✓ Colaborar e coordinarse co Departamento de Orientación do que forma parte.
- ✓ Coordinar, en colaboración coa xefa de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro como apoio á atención aos ANEAE.
- ✓ Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ao ACNEAE.
- ✓ Orientar ao profesorado que imparta docencia ao ACNEAE, así como a eles mesmos e ás familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- ✓ Colaborar na detección de ACNEAE.
- ✓ Colaborar co/a mestre/a-titor/a e co resto do profesorado na elaboración de ACS e no seguimento e avaliación das mesmas.

3. OBXECTIVOS.

3.1 Obxectivos xerais de Educación Infantil.

A finalidade da Educación Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos. Para isto é fundamental que a intervención educativa contemple como principio a diversidade, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo do alumnado, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Dende o centro adoptáronse medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presenta algunha necesidade específica de apoio educativo, a través do traballo con mestres/as de apoio de xeito individualizado, e tamén un traballo grupal (Programa de Estimulación en 4º EI, 5º EI, e 6º de EI) no que se favoreza o máximo desenvolvemento de todas as capacidades das nenas e dos nenos destas idades, como por exemplo a realización de

obradoiros de estimulación da linguaxe, para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.

Deste xeito contribuírase ao desenvolvemento dos obxectivos xerais desta etapa:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e pracer.
- h) Sentir o xesto, o movemento, e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

3.2. Obxectivos xerais de Educación Primaria.

A finalidade da Educación Primaria é proporcionar a todo o alumnado unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ao sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo, por iso a atención á diversidade aquí xoga un papel fundamental. Dende o centro adoptáronse varias medidas de atención á diversidade, como a atención individualizada dos/as nenos/as con N.E.A.E. por parte das mestras de apoio, os apoios ordinarios realizados por estes, e establecendo apoios ordinarios tamén entre todos os/as mestres/as.

Con isto pretendéronse acadar obxectivos propios da etapa como:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de mulleres e de homes e a non-discriminación de persoas con diversidade funcional..

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia.

i) Iniciarse na utilización para a aprendizaxe das TICs, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran en contextos dixitais.

4. CONTRIBUCIÓN A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os PDI (Programas de Intervención), planificados para as diferentes sesións de apoio de Audición e Linguaxe contribúen de forma directa e clara á consecución da competencia en comunicación lingüística, especialmente nos Bloques de “Comunicación Oral: escoita, fala e conversa”; e “Comunicación Escrita”.

De forma indirecta, nalgúns sesións vanse traballar o resto das competencias.

	PRE-REQUISITOS	FONOLOGÍA	SEMÁNTICA	MORFOSINTAXE	PRAGMÁTICA
Comunicación Lingüística	X	X	X	X	X
Conciencia	X	X	X	X	X

e Expresión Cultural					
Iniciativa e Espirito Emprendedor	X		X	X	X
Aprender a Aprender		X			X
Competencia Dixital	X	X	X	X	X
Social e Cívica	X		X		X
Matemática, ciencia e tecnoloxía	X		X		X

5. VÍAS DE COORDINACIÓN:

- Cos/as mestres/as titores/as: decisións sobre a metodoloxía a seguir e os recursos a empregar, ademais de intentar levar unha programación conxunta que permita unha intervención globalizadora.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento das ACS .
- Co mestre de *PT* para comprobar tódolos aspectos curriculares traballados e adoptar pautas comúns de actuación.
- Co resto de profesionais de atención á diversidade co fin de consumir criterios, elaborar e compilar materiais, intercambio de información e/o recursos.
- Coa familia para unificar criterios de actuación conxunta, información para xeneralizar os logros, avaliar os progresos do alumno/a no entorno familiar e social.
- Con apoios externos para adoptar as mesmas pautas e criterios, para realizar un seguimento dos casos

6. ACTIVIDADES.

As actividades basearanse nunha actuación de carácter estimulador, preventivo e correctivo, sobre todo na etapa de Educación Infantil. Para levalas a cabo teremos en conta a programación da aula, xa que o seu entorno educativo debe ser o máis normalizador posible.

As tarefas da mestra especialista en Audición e Linguaxe non só se centrarán na atención ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais e/ou dificultades de aprendizaxe de forma exclusiva, senón que tamén:

- a. Axudarase ao resto do alumnado nos apoios ordinarios co grupo-clase.
- En **Educación Infantil**: Obradoiros de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO):

A.L. 1	PELO
---------------	-------------

- En **Educación Primaria**:
- Manteranse xuntanzas con titores e titoras nas horas establecidas e baixo demanda.
- Elaboraranse pautas e orientacións específicas.
- Prepararase material:
 - De apoio visual para o alumnado con TEA.
 - Material específico para o programa-obradoiro de Educación Infantil.
 - Apoios ordinarios.
 - Na propia aula de A.L.
- Levaranse a cabo entrevistas e xuntanzas coas familias, cando elas o estimen oportuno.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os recursos empregados poderán ser de varios tipos:

7.1. *Diagnóstico*: distintas probas, tanto estandarizadas como de elaboración propia que quedarán rexistradas no documento de avaliación Inicial: PAF, RFI, PLON.

7.2. *De información:* bibliografía e webgrafía: sobre alteracións, pautas metodolóxicas, de actuación....

7.3. *De intervención:* a maioría dos recursos a empregar son de elaboración propia.

- a. Materiais de discriminación auditiva (instrumentos,pc,móbil,gravadora, software específico de discriminación fonética (agreganse os links dende os diferentes PELO, e PEI).
- b. Material de vocabulario básico, material visual superposto, transparente e adhesivo sobre lousa magnética, murais, tarxetas diversas. Uso de la PDI e de Internet para o visionado de imaxes, tanto de uso xeral coma personalizadas.
- c. Lotos fonéticos, de accións, oficios, temporais, lotos de elaboración propia en formato impreso e dixital...
- d. Libros persoais de vocabulario.
- e. Caderniños personalizados de articulación.
- f. Tren de palabras, cómics para falar, parellas lóxicas, secuencias temporais, tarxetas de semellanzas e diferenzas...
- g. Espiral Morfosintaxe e o material de “Enséñame a hablar”, en formato impreso e dixitalizado para facilitar a manipulación.
- h. Elaboración de libros adaptados de cada unha das unidades didácticas.
- i. Uso de contextos naturais tanto no centro como no entorno.
- j. Uso das Tics: aplicacións de discriminación auditiva, onomatopeas.
- k. Aplicacións sobre o vocabulario, campos semánticos, contos, uso de Internet.
- l. Software da PDI.
- m. Emprego da gravadora e do micrófono: Audacity.

8. TEMPORALIZACIÓN.

Cada programa de intervención ten unha temporalización diferente, dependendo das necesidades de alumnado..

Dentro do Departamento de Orientación estableceranse os diferentes programas de intervención co alumnado con NEAE en función das características que presenta, tendo en conta os horarios do resto de mestres/as.

Fixemos unha organización variada en función de diferentes criterios.

9. ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA NAS AULAS DE APOIO.

Atenderase a un total de 31 alumnos, así como a todos aqueles, que por necesidade, vaian demandando os/as docentes ao longo do curso:

NEAE	Nº ALUMNADO
<ul style="list-style-type: none">• <i>Trastorno no neurodesenvolvemento con afectación da linguaxe. Grao de discapacidade 33%.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>TEA GRAO 1</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>TSF (dislalias)</i>	<ul style="list-style-type: none">• 13
<ul style="list-style-type: none">• <i>Retraso na adquisición da fala e da linguaxe.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 10
<ul style="list-style-type: none">• <i>Discapacidade intelectual leve. Grao de discapacidade 38%.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>Retraso global do desenvolvemento.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>Retraso madurativo</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>TDAH. Subtipo hiperactivo-impulsivo, cun 36% de discapacidade. Trastorno da linguaxe e retraso escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>Dificultades na lectoescritura e na linguaxe oral.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1
<ul style="list-style-type: none">• <i>Trastorno específico da aprendizaxe escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none">• 1

10. METODOLOXÍA.

A metodoloxía parte dos coñecementos previos do alumnado, das súas motivacións e intereses, axustando a resposta educativa ás súas necesidades. Facéndose uso do enfoque

globalizado e interdisciplinar, de maneira que o alumnado adquira os coñecementos de xeito gradual e progresivo, traballando contidos de todas as áreas de maneira relacionada baixo o principio de actividade, experimentación e xeneralización das aprendizaxes, para que o alumnado lle vexa aplicación práctica e funcional á súa vida cotiá.

Para isto empregaranse reforzos e unha metodoloxía lúdica na que se potencie a espontaneidade a través de actividades de duración variable, traballando en base a outros principios como a individualización, socialización, afectividade.

En todo momento intentarase que as aprendizaxes sexan o máis significativas posibles, favorecendo ademais a interacción entre os alumnos/as e implicando aos pais/nais/titores legais e a outros mestres/as que imparten clase a dito alumnado nas actividades de ensino/aprendizaxe.

11. AVALIACIÓN.

11.1. Para que avaliar?

Avaliase para coñecer o grado de consecución dos obxectivos previstos e identificar os acertos e erros, co obxectivo de realizar propostas de mellora da cara ao vindeiro curso.

a. Que avaliar?

- A adecuación da planificación dos aprendizaxes á realidade do centro.
- A flexibilidade ante as posibles modificacións dos programas de intervención que poden aparecer ao longo do curso.
- O grado de consecución dos obxectivos propostos.
- Se os recursos son suficientes, se resultan adecuados ou non á problemática.
- Se a metodoloxía empregada é axeitada e flexible,

b. Como Avaliar?

O proceso de avaliación constará de tres momentos:

9.1. Inicial: Serviranos de base para deseñar e establecer o programa a seguir co alumnado, e para adaptar a nosa intervención aos recursos dispoñibles. Levarase a cabo mediante a exploración do alumnado, entrevista cos titores/as e a información aportadas polas familias a través dos informes do DO.

9.2. Continua: Realizada ao longo do curso, mediante un rexistro diario individual das sesións. En base a planificación das sesión anótanse a evolución, adquisicións ou dificultades atopadas, teranse en conta as observacións realizadas polos titores/as.

9.3. Final: Realizada ao finalizar o curso, en función dos resultados obtidos ao longo da intervención. Reflectirase nun informe final que servirá de base para iniciar o traballo o próximo curso. Neste proceso terase en conta a evolución, a funcionalidade dos logros individuais, o punto no que se quedou do PDI, os recursos, os materiais, e ver se se lles enviou a familia tarefas no tocante aos procesos de xeneralización.

- Aspectos a ter en conta para redactar o informe serán:
 - ✓ Contexto (social, familiar, escolar) no que se desenvolva a intervención.
 - ✓ Recursos dispoñibles e empregados.
 - ✓ Avaliación inicial do alumnado, proceso seguido e resultados finais.
 - ✓ Incidentes acaecidos durante el proceso.

Instrumentos de avaliación:

- Escalas de observación e follas de rexistro.
- Análise de documentos aportados polo DO
- Sesións de avaliación cos titores/as e especialistas que interveñan.
- Diario de aula: rexistro das producións diarias do alumnado.

Toda esta información será fundamental para facer a memoria anual, onde se farán as pertinentes propostas de mellora.

12. PROGRAMACIÓNS.

	OBRADOIRO DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL (P.E.L.O)	
XUSTIFICACIÓN	<p>Os P.E.L.O. teñen os seguintes obxectivos fundamentais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A prevención de posibles alteracións da fala. - A súa detección. - A intervención. - A estimulación do desenvolvemento comunicativo do alumnado. 	
		⇨ Potenciar a conciencia corporal.

RELACIÓN CURRICULAR	OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Mellorar os compoñentes cognitivos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento). ↳ Potenciar os mecanismos básicos da linguaxe. ↳ Desenvolver as dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.
	INTERDISCIPLINARIEDADE	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal. ↳ Coñecemento do contorno. ↳ Linguaxes: comunicación e representación.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>Respondendo a unha serie de interrogantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes xuntanzas cos titores e titoras? ● O alumnado mostrouse motivado cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é adecuada? ● Mellorou a fala e a linguaxe do alumnado?
	COMPETENCIAS CLAVE	<ul style="list-style-type: none"> ☺ A competencia en comunicación lingüística. ☺ Competencia matemática. ☺ Aprender a aprender. ☺ Competencia dixital. ☺ Competencia social e cívica.
CONTIDOS	<p>Tomaremos como referencia os contidos das áreas desta etapa. Sendo estas recollidas no Decreto 330/2009, polo que se establece o currículo de Educación Infantil en Galicia.</p> <p>Tendo en conta as programacións de aula das/os mestras/es-titoras/es, mediante a coordinación.</p>	
TEMPORALIZACIÓN	1/2 sesión semanal para cada curso de Educación Infantil durante todo o curso académico.	

<p>ACTIVIDADES TIPO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Exercicios de relaxación total e segmentaria. ↳ Actividades discriminación auditiva. ↳ Xogos para potenciar a respiración, punto de articulación.. ↳ Cancións que permitan cantar e moverse con expresión. 	
<p>PROGRAMA INTERVENCIÓN ALUMNADO CON TEA</p>		
<p>RELACIÓN CURRICULAR</p>	<p>OBXECTIVOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Mellorar a súa capacidade de atención, memoria e percepción. ↳ Mellorar as súas destrezas motoras. ↳ Adquirir hábitos de hixiene corporal e de vestimenta. ↳ Utilizar a linguaxe oral para comunicarse. ↳ Comprender e realizar ordes orais. ↳ Adquirir vocabulario básico do seu contorno. ↳ Identificar pictogramas e asocialos coa imaxe correspondente da realidade, como achegamento á lectura e reflexo de diferentes elementos da realidade. ↳ Saber aplicar os números na súa vida cotiá (reconto de obxectos) ↳ Ser capaz de manter unha interacción co resto de nenos/as do centro. ↳ Traballar a orientación espacial. ↳ Identificar e coñecer as partes do corpo humano
	<p>INTERDISCIPLINARIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Lingua galega. ↳ Lengua castellana. ↳ Matemáticas. ↳ Ciencias Sociais. ↳ Ciencias da Natureza.
	<p>CRITERIOS DE</p>	

	AVALIACIÓN	<p>Respondendo a unha serie de interrogantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes xuntanzas coa mestra-titora? ● O alumno mostrouse motivado cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é adecuada? ● Melloraron as dimensión da linguaxe do educando? ● Os aprendizaxes foron funcionais? ● Foron suficientes as reunións mantidas coa familia?
	COMPETENCIAS CLAVE	<ul style="list-style-type: none"> ☺ A competencia en comunicación lingüística. ☺ Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía. ☺ Aprender a aprender. ☺ Competencia dixital. ☺ Competencia social e cívica.
CONTIDOS	Os recollidos na súa ACS do alumnado escolarizado en 2º de EP B	
TEMPORALIZACIÓN	O alumnado de: 2º, recibirá 1 sesión.	
ACTIVIDADES TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ✍ Bingos. ✍ Identificación de iguais. ✍ Fiar letras. ✍ Exercicios de uso da pinza dixital. ✍ Actividades de coordinación viso-manual. ✍ Poñendo e quitando o calzado. ✍ Aprendendo a poñer o abrigo. ✍ Solicitando axuda cando sexa preciso. ✍ Saudando. ✍ Collendo obxectos. ✍ Deixándoos no lugar indicado. ✍ Facendo recados sinxelos. ✍ Presentación de láminas, fotos e obxectos reais. ✍ Vocabulario básico relativo ao colexio, á vestimenta, animais, medios de transporte... 	

	<ul style="list-style-type: none"> 📌 Cancións adaptadas con pictogramas. 📌 Asociando o pictograma a imaxe real ou obxecto.
--	--

	<p>PROGRAMA INTERVENCIÓN ALUMNAS E ALUMNO</p> <p>CON ALTERACIÓNS DA FALA</p>	
RELACIÓN CURRICULAR	OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> 👉 Mellorar a capacidade de respiración. 👉 Lograr unha correcta articulación dos fonemas alterados. 👉 Prolongar as emisións vocais. 👉 Conseguir un discurso prosodicamente correcto.
	INTERDISCIPLINARIEDADE	<ul style="list-style-type: none"> 👉 Lingua galega. 👉 Lengua castellana. 👉 Ciencias Sociais. 👉 Ciencias da Natureza.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>Respondendo a unha serie de interrogantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes reunións co mestre-tutor? ● O alumno mostrouse motivado cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é adecuada? ● Melloraron as dimensión da linguaxe da alumna? ● Os aprendizaxes foron funcionais? ● Foron suficientes as reunións mantidas coa familia?
	COMPETENCIAS CLAVE	<ul style="list-style-type: none"> 😊 A competencia en comunicación lingüística. 😊 Competencia matemática. 😊 Aprender a aprender. 😊 Competencia dixital. 😊 Competencia social e cívica.
CONTIDOS	Os recollidos na súa programación de aula.	
TEMPORALIZACIÓN	Recibirán apoio na súa aula de Audición e Linguaxe .	

ACTIVIDADES TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ☞ Bingos. ☞ Identificación de iguais. ☞ Exercicios de respiración. ☞ Emisións vocais. ☞ Cancións. ☞ Lectura.
-----------------------------	---

	ALUMNOS CON NEAE DERIVADAS DUN RETRASO MADURATIVO CON RETRASO DA LINGUAXE	
RELACIÓN CURRICULAR	OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> ☞ Mellorar a capacidade de respiración. ☞ Aumentar o nivel léxico. ☞ Favorecer unha estruturación sintáctica axeitada á súa idade. ☞ Mellorar o uso da linguaxe.
	INTERDISCIPLINARI DADE	<ul style="list-style-type: none"> ☞ Lingua galega. ☞ Lengua castellana. ☞ Ciencias Sociais. ☞ Ciencias da Natureza.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>Respondendo a unha serie de interrogantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes reunións cos titores e titoras? ● O alumnado amosaron motivación cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é axeitada? ● Mellorou a capacidade comunicativa dos alumnado?
	COMPETENCIAS	<ul style="list-style-type: none"> ☺ A competencia en comunicación lingüística. ☺ Competencia matemática. ☺ Aprender a aprender.

	CLAVE	☺ Competencia dixital. ☺ Competencia social e cívica.
CONTIDOS	Os recollidos na súa programación de aula.	
TEMPORALIZACIÓN	Recibirán apoio na aula de audición e linguaxe.	
ACTIVIDADES TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Toma de conciencia dos tres momentos da respiración (inspiración, pausa e expiración) ↳ Exercicios para lograr unha correcta respiración ↳ Discriminación auditiva dos fonemas alterados. ↳ Ensañar diante do espello a posición-tipo. ↳ Exercicios para a emisión do fonema. ↳ Tarxetas con léxico. ↳ Descricións. ↳ Xogo do “vexo, vexo”. ↳ Preguntas sobre un conto. ↳ Ordenar frases mediante pictogramas. ↳ Fichas con secuencias temporais. ↳ Discriminación do singular e plural. ↳ Diálogos. ↳ Narración de contos. 	

	PROGRAMA INTERVENCIÓN ALUMNADO CON TRASTORNOS DOS SONS DA FALA	
RELACIÓN CURRICULAR	OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Mellorar a capacidade de respiración. ↳ Aprender e mellorar o punto e modo de articulación de cada fonema. ↳ Lograr unha correcta articulación do fonema alterado, a intervención realízase (fonema a fonema). ↳ Xeneralizar todos aqueles fonemas na linguaxe espontánea e cotiá do alumnado.
	INTERDISCIPLINARIDADE	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Lingua galega. ↳ Lingua castellana. ↳ Ciencias Sociais. ↳ Ciencias da Natureza.
	CRITERIOS DE	Respondendo a unha serie de interrogantes:

	AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes reunións coa mestra-titora? ● O alumnado mostrouse motivado cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é axeitada? ● Mellorou a expresión e comprensión do alumnado? ● Os aprendizaxes foron funcionais? ● Foron suficientes as reunións mantidas coa familia?
	COMPETENCIAS CLAVE	<ul style="list-style-type: none"> ☺ A competencia en comunicación lingüística. ☺ Competencia matemática. ☺ Aprender a aprender. ☺ Competencia dixital. ☺ Competencia social e cívica.
CONTIDOS	Os recollidos na programación de aula.	
TEMPORALIZACIÓN	Recibirán apoio na aula de Audición e Linguaxe.	
ACTIVIDADES TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ↗ Toma de conciencia dos tres momentos da respiración (inspiración, pausa e espiración) ↗ Exercicios para o desenvolvemento da inspiración nasal: silenciosa, amplía, profunda, rápida e dilatando as aletas do nariz. ↗ Exercicios para o desenvolvemento da inspiración nasal. ↗ Exercicios para lograr unha correcta respiración costodiafragmática. ↗ Discriminación auditiva dos fonemas alterados. ↗ Ensañar diante do espello a posición-tipo. ↗ Exercicios para a emisión do fonema. 	

	ALUMNOS CON NEAE DERIVADAS DUNHA DI	
RELACIÓN CURRICULAR	OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> ↗ Mellorar a capacidade de respiración. ↗ Aumentar o nivel léxico. ↗ Favorecer unha estruturación

		<p>sintáctica axeitada á súa idade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ↳ Mellorar o uso da linguaxe. ↳ Mellorar a comprensión oral e escrita de distintos textos.
	INTERDISCIPLINARIDADE	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Lingua galega. ↳ Lengua castellana. ↳ Ciencias Sociais. ↳ Ciencias da Natureza.
	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	<p>Respondendo a unha serie de interrogantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Leváronse a cabo suficientes reunións cos titores e titoras? ● O alumnado amosaron motivación cara as actividades? ● A metodoloxía empregada é axeitada? ● Mellorou a capacidade comunicativa dos alumnado?
	COMPETENCIAS CLAVE	<ul style="list-style-type: none"> ☺ A competencia en comunicación lingüística. ☺ Competencia matemática. ☺ Aprender a aprender. ☺ Competencia dixital. ☺ Competencia social e cívica.
CONTIDOS	Os recollidos na súa programación de aula.	
TEMPORALIZACIÓN	Unha sesión coa mestra especialista en Audición e Linguaxe.	
ACTIVIDADES TIPO	<ul style="list-style-type: none"> ↳ Toma de conciencia dos tres momentos da respiración (inspiración, pausa e expiración) ↳ Exercicios para lograr unha correcta respiración ↳ Discriminación auditiva dos fonemas alterados. ↳ Ensañar diante do espello a posición-tipo. ↳ Exercicios para a emisión do fonema. ↳ Tarxetas con léxico. ↳ Descricións. ↳ Xogo do “vexo, vexo”. ↳ Preguntas sobre un conto. ↳ Ordenar frases mediante pictogramas. ↳ Fichas con secuencias temporais. 	

⇒ Discriminación do singular e plural.

⇒ Diálogos.

⇒ Narración de contos.